

O Recanto

A beleza feriume
para sempre

Victorino Pérez

Nos últimos dous lustros, a Feira do Libro de Ferrol foise convertendo nun recanto cultural importante na vida da cidade. O mércores escoitáballe con ledicia á xente das casetas que este ano medrara a afluencia de visitantes e mesmo o número de compradores de libros. Unha cidade na que os seus habitantes mercan libros -para lelos- non pode ser mala. Pero non quero falar dos visitantes da Feira, nin dos índices de vendas, nin dos autores máis exitosos... xa o xornal terá falado abondo diso.

Quero falar, en troques, dunha creación literaria concreta que, seguramente, non estivo entre os libros máis vendidos: a poesía. As verbas que encabezan este artigo pertencen a un impresionante e místico verso dun grandísimo poeta galego, Xosé María Díaz Castro. Non son poeta, téñolle moito respeito a este nobre arte, como para perxudicala con verbas pobres e deslabazadas. Pero penso, con outra gran poeta, que "sen poesía a vida sería intolerable". Estas son verbas rotundas, e o lector pode que se sorprenda ao saber que tal poeta é Santa Tareixa de Xesús; unha muller que, ademais de poeta, foi unha crente dunha fe excepcional, unha mística cristiá. A grandeza da afirmación está simultaneamente no xeito de salientar a importancia da poesía, e no feito de que saíu da boca dunha persoa para a que toda a súa vida estivo marcada, sobre todo, pola súa fe relixiosa e un compromiso transformador na acción.

Para moita xente, a poesía é algo máis ben inútil; entre eles cóntase nada menos que un gran pensador como Emmanuel Kant. A poesía viría ser puro sentimentalismo, e os poetas uns/as señores/as que non teñen que facer, e falan... dos paxaros, as flores e

outras cousas etéreas e in-substanciais. En troques, como dixo outro gran bate castelán, "a poesía é unha arma cargada de futuro" (Gabriel Celaya). A poesía é unha instrumento de primeira orde para construír un futuro digno da creación e do ser humano, imaxe de Deus; El é precisamente o *poietes*, o "creador".

Lonxe de ser unha linguaxe alienada, allea á realidade, a poesía é a forma máis libre e sublime da linguaxe, a que máis se achega á verdade máis fonda do ser humano e do mundo. Os poetas, como todo verdadeiro artista, lonxe de ser persoas inútiles, son os que mellor saben captar e expresar a verdade. "A arte é unha forma de desvelar a verdade oculta das cousas", escribiu outro gran filósofo alemán, Martín Heidegger.

Quizais por iso, entre os grandes forxadores dos pobos houbo sempre poetas. Entre os grandes creadores de ideas houbo poetas. Parte dos grandes líderes e dirixentes populares foron tamén poetas. Desde os creadores da moderna identidade galega ou catalana ata Ho Chi Minh, ao outro lado do mundo.

E velí, tamén, a relación da poesía coa fe e a relixión. Ambas andan -tateando- á procura da verdade fonda da realidade. Non é, logo, casual que a relixión teña usado tan habitualmente a linguaxe poética para expresar o inexpressable, máis aló das rixideces dogmáticas expresadas en prosa. Máis aínda, o verdadeiro poeta adoita ser tamén profeta, porque busca a verdade, e sabe enfrontar ao pobo coa súa verdade. Nesa busca atópase con Deus, ben chamándoo por ese nome ou non; atópase co misterio. "...Y su nombre sin letras/escrito a cada instante por la espuma, se borra a cada instante..." escribiu Leopoldo Panero.